

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 12 de maio de 2017, aprobou por asentimento a modificación do *Acordo do Consello de Goberno sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007*, consistente no recoñecemento de créditos nas titulacións de grao ás actividades de participación e formación universitaria no ámbito da Cooperación Internacional organizadas e supervisadas polo Servizo de Relaciones Exteriores (SRE), ex. artigo 5.2.



E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a 18 de maio de 2017, co Vº e Prace do sr. reitor.

Vº e prace

O reitor



Juan M. Viaño Rey



ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO SOBRE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS NOS ESTUDOS DE GRAO AO ABEIRO DO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007

(Aprobado por Consello de Goberno o día 5 de xullo de 2016 e modificado polo mesmo órgano o día 12 de maio de 2017)

A regulación do recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 está recollida nun número importante de normas, o que fai moi difícil a súa consulta e correcta aplicación. Nestas normas mestúrase a regulación do recoñecemento de créditos coa propia regulación da actividade a recoñecer é, incluso, coas normas respecto á obrigatoriedade de acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de grao, o que dificulta máis a súa consulta.

Por outra banda, a organización e o modelo de programación dalgunha destas actividades, pola súa propia natureza, varía dun curso a outro, polo que incluír as normas de organización das actividades nunha disposición moi rixida dificulta o funcionamento da universidade.

Ademais, conforme ás Liñas xerais do Claustro, estaban sen regular as competencias informáticas, que nesta norma se integran coas informacionais para que o alumnado poida obter a acreditación CI2 conforme ao establecido nas orientacións da CRUE.

Regúlanse as competencias transversais en materia de lingua galega que tamén estaban pendentes de incluír nos recoñecementos de competencias, tanto para as persoas de fóra da Comunidade Autónoma como aquelas actividades da USC susceptibles de seren recoñecidas por este concepto.

Por último é preciso fixar algúns aspectos que aínda suscitan dúbidas, por isto considérase oportuno a refundición e simplificación dos textos dispersos.

Verbo de todo o anterior o Consello de Goberno adoptou o seguinte

A C O R D O

PRIMEIRO.- NORMAS COMÚNS

1.1.- Recoñeceranse créditos nos estudos de grao polas competencias adquiridas mediante a participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de

cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos, consonte as disposicións contidas neste acordo.

A petición do alumno, as actividades acreditadas por encima deste límite poderán figurar no expediente polo procedemento de transferencia de créditos.

Recoñeceranse tamén ata 6 créditos polas actividades transversais recollidas na norma IV.2. do Acordo do Consello de Goberno de Liñas Xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007, que considera competencias transversais para todas as titulacións de Grao da USC o coñecemento instrumental de (i) linguas estranxeiras; (ii) lingua galega, e (iii) tecnoloxías da información e da comunicación. A regulación destas actividades recóllese nas normas Sexta, Sétima e Oitava deste Acordo.

1.2.- Ademais das incluídas neste acordo, mediante resolución reitoral poderanse determinar outras actividades para seren recoñecidas como créditos nas titulacións de grao. Como criterio xeral, para que poida ditarse resolución de recoñecemento de créditos por outras actividades, o contido da actividade debe axustarse ao disposto no artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 e existir un proceso formativo cunha programación estruturada, que os alumnos teñan seguimento por parte dos responsables da actividade, e que poida ser avaliable.

Estas resolucións de recoñecemento elevaranse á Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en titulacións para que emita informe.

1.2.1.- O recoñecemento das novas actividades só será efectivo unha vez se aproben mediante resolución reitoral.

1.2.2.- O recoñecemento de créditos deberá figurar na convocatoria da actividade, así como os requisitos e condicións para a súa obtención.

1.2.3.- O recoñecemento manterase en cursos sucesivos en tanto se manteña a actividade e as condicións básicas polas que foi aprobada.

1.3.- Soamente se recoñecerán créditos a un estudante por actividades desenvolvidas durante o tempo en que o solicitante estivo matriculado nos estudos de grao correspondentes.

1.4.- Para o recoñecemento de créditos por estas actividades os interesados deberán achegar, perante a Unidade de Xestión Académica correspondente, acreditación das actividades realizadas e aboar os prezos públicos que correspondan en concepto de recoñecemento ou transferencia de créditos.

Exceptúanse da obriga de pagamento para o seu recoñecemento as probas de competencia lingüística (PCL) organizadas polo CLM, os cursos organizados para a obtención de competencias informáticas e informacionais transversais, así como aqueloutros nos que os prezos polo recoñecemento se inclúan nos prezos de matrícula e así o estableza a convocatoria.

1.5.- Os modelos de acreditación de actividades para o recoñecemento serán aprobados pola Secretaría Xeral. Nas actividades organizadas pola USC a credencial será expedida pola vicerreitoría a quen corresponda a supervisión ou, de ser o caso, pola Secretaría Xeral da Universidade, a través do servizo da USC correspondente.

1.6.- Crearase un Rexistro de Actividades recoñecibles onde figurarán os elementos esenciais das actividades que se recoñecen ao abeiro de ese Acordo.

SEGUNDO.- ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN ESTUDIANTIL

2.1.- Poderá ser recoñecida como créditos no expediente do alumnado a realización efectiva de actividades de representación estudantil durante o período no que estivera designado.

Actividade que se recoñece	Recoñecemento
Representante do alumnado no Claustro, Consello de Goberno, Consello do Departamentos, Institutos, Xunta de Centro ou exercicio de cargos académicos.	Ata 1,5 ECTS por ano completo

2.2.- Se o estudante desempeña esta actividade en cargos representativos durante períodos distintos, o tempo poderá ser considerado de forma conxunta para os efectos de recoñecemento.

Se o estudante desempeña máis dun cargo simultaneamente poderá recoñecérselle ata un máximo de **2 ECTS**.

2.3. A salvo do disposto na norma 2.2. respecto da consideración conxunta de varios períodos, non se recoñecerán fraccións de tempo inferiores ao ano. En todo caso deberá acreditarse a participación efectiva nos órganos colexiados.

2.4.- Os interesados/as solicitarán a credencial perante a Secretaría Xeral indicando as datas de nomeamento e cesamento.

TERCEIRO.- ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS

3.1.- A actividade físico-deportiva do estudante, supervisada polo Servizo de Deportes da Universidade, poderá ser recoñecida como créditos nas titulacións de grao.

Actividade que se reconece	Recoñecemento
Escolas físico-deportivas	1-4 ECTS por actividade en cada curso académico.
Competición	4 ECTS pola participación en 1 competición oficial, universitaria ou federada, de ámbito internacional. 2 ECTS pola participación en 1 competición oficial, universitaria ou federada, de ámbito nacional. 1 ECTS pola participación noutras competicións autorizadas pola vicerreitoría correspondente.
Dinamizadores de actividades físico-deportivas da USC	3 ECTS por curso académico.
Deportistas de alto nivel da USC	6 ECTS por curso académico no que manteñan o estatus.

3.2.- O Servizo de Deportes da USC poderá propoñer á vicerreitoría responsable o recoñecemento doutras actividades deportivas.

3.3.- O recoñecemento dun alumno na categoría de Deportistas de Alto Nivel da USC farase consonte a súa norma específica.

3.4.- O recoñecemento de cada actividade é independente, de xeito que o alumno poderá solicitar o recoñecendo de máis dunha, ata o máximo permitido de 6 ECTS.

3.5.- A acreditación emitida pola vicerreitoría a través do Servizo de Deportes poderá ser individual por cada actividade ou conxunta para varias delas, especificando os créditos asignados a cada unha das actividades que recolla. Neste último caso, se os créditos superan o máximo permitido, as actividades que rebasen o límite poderán figurar no expediente do estudante polo procedemento de transferencia.

CUARTO.- ACTIVIDADES DA ÁREA DE CULTURA

4.1.- As actividades e programas na Área de Cultura recollidos nesta norma poderán dar lugar ao recoñecemento de créditos nas titulacións de grao.

Actividade que se reconece	Recoñecemento
----------------------------	---------------

Aula de Teatro	6 ECTS aos integrantes que acrediten una dedicación de, como mínimo, 150 horas
Coro universitario e Espazo de Cámara	4 ECTS aos integrantes por 100 horas de dedicación nun curso.
Espazo de Danza	2 ECTS aos integrantes por cada 50 horas de dedicación nun curso.
Cursos de Teatro, Danza e Fotografía	1 ECTS por cada 25 horas de duración do curso superado
Dinamizadores de actividades socio-culturais	3 ECTS anuais polo desenvolvemento de labores de dinamización das actividades socioculturais promovidas desde a vicerreitoría con competencias e sempre que realicen unha memoria final das actividades desenvolvidas
Cursos de Verán das Universidades Públicas	1 ECTS polos cursos de verán da USC de menos de 25 horas. 2 ECTS por cada curso de 25 ou máis horas lectivas das universidades públicas en réxime de reciprocidade
Outras actividades culturais	1 ECTS por cada 25 horas pola asistencia e participación en actividades musicais, escénicas e outras de carácter cultural promovidas ou autorizadas pola vicerreitoría competente en materia de cultura. Nunha actividade o recoñecemento máximo será de 2 ECTS.

4.2.- Corresponde a vicerreitoría competente en materia de cultura propoñer á Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en titulacións as actividades recoñecibles e o número de créditos que se recoñecerán por cada actividade. Por resolución reitoral estableceranse as actividades recoñecibles. Esta resolución deberá ditarse e facerse pública con anterioridade á súa celebración e deberá ser comunicada á Secretaría Xeral a través do Servizo de Xestión Académica.

QUINTO.- ACTIVIDADES SOLIDARIAS E DE COOPERACIÓN

5.1.- As actividades organizadas e supervisadas polo Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) que se detallan, poderán dar lugar ao recoñecemento de créditos nas titulacións de grao.

Actividade que se reconece	Recoñecemento
<i>Actividades de Participación Social e Voluntariado</i>	<p>1 ECTS por cada 25 horas de colaboracións. Todas as persoas solicitantes terán que realizar con aproveitamento o módulo en liña do Marco Conceptual do Voluntariado e a Participación Social e outro sobre o ámbito no que se desenvolva a súa actividade (Saúde, Atención á Diversidade, Inclusión Social,...). Asemade, deberán facer dous traballos de non menos de 1.000 palabras sobre un tema proposto pola coordinación do SEPIU e unha enquisa de avaliación final.</p> <p>A formación teórica, obrigatoria para o recoñecemento académico das actividades solidarias e de cooperación, non dará lugar por si soa, ao recoñecemento de créditos.</p> <p>Para acadar o recoñecemento do primeiro crédito ECTS computaranse as horas de traballo teórico (10 horas) e as 15 primeiras horas de colaboración en actividades.</p>
<i>Actividades de Sensibilización e Formación organizadas a través do SEPIU pola Vicerreitoría con competencias en Estudantes</i>	1 ECTS por cada 25 horas de participación
<i>Programa Titores</i>	6 ECTS pola realización íntegra do programa

A Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social fará o seguimento a través do SEPIU das tarefas realizadas e emitirá a certificación para o recoñecemento cando se reúnan os requisitos necesarios.

5.2.- As actividades de participación e formación universitaria no ámbito da Cooperación Internacional organizadas e supervisadas polo Servizo de Relaciones Exteriores (SRE) poderán dar lugar ao recoñecemento de créditos nas titulacións de grao.

Actividade que se reconece	Recoñecemento
<i>Actividades de Participación e Formación no ámbito da Cooperación Internacional</i>	<i>Até un máximo de 6 ECTS. Todas as persoas solicitantes terán que realizar con aproveitamento o módulo en liña sobre o Marco Conceptual do Voluntariado e a Participación Social e outro sobre Cooperación Internacional con contidos definidos polo servizo con competencias na actividade.</i>

A Vicerreitoría de Internacionalización fará o seguimento a través do SRE das tarefas realizadas e emitirá a certificación para o recoñecemento cando se reúnan os requisitos necesarios.

5.3. Non procederá o recoñecemento de créditos até acadar o mínimo de 25 horas de actividades, nin as actividades que non foran supervisadas pola vicerreitoría con competencias na materia.

SEXTO.- CURSO DE COMPETENCIAS INFORMÁTICAS E INFORMACIONAIS DA USC

6.1.- Poderán recoñecerse créditos nas titulacións de grao pola adquisición de competencias informáticas e informacionais transversais a través dos cursos que estableza a Universidade e que acreditarán as competencias CI2.

Actividade que se reconece	Recoñecemento
Curso de Nivel Básico	1 ECTS por cada 25 horas
Curso de Nivel Medio	1 ECTS por cada 25 horas
Curso de Nivel Avanzado	1 ECTS por cada 25 horas

6.2.- Poderán recoñecerse os tres cursos. Os programas dos cursos aprobaranse por resolución reitoral co informe previo da Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en titulacións, a proposta da Biblioteca Universitaria (BUSC) e da ATIC.

6.3.- A acreditación da superación desta actividade farase a través da acta asinada polos responsables dos cursos.

SEPTIMO.- COMPETENCIAS TRANSVERSAIS EN GALEGO

7.1.- Para os estudantes procedentes doutra Comunidade Autónoma que non completaron os seus estudos preuniversitarios en Galicia

Actividade que se recoñece	Recoñecemento
Celga 1 (A2)	3 ECTS
Celga 2 (B1)	4 ECTS
Celga 3 (B2) ou superiores	5 ECTS

7.2.- Para todos os estudantes da USC

Actividade que se recoñece	Recoñecemento
Cursos de 25-30 horas organizados polo SNL	1 ECTS

Corresponde á Secretaría Xeral ou vicerreitoría competente en materia de Normalización Lingüística, previo informe do SNL, propor a Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en titulacións as actividades recoñecibles, e que serán aprobadas por resolución reitoral. Esta resolución deberá ditarse e facerse pública con anterioridade á súa celebración e deberá ser comunicada ao Servizo de Xestión Académica.

OITAVO.- COÑECEMENTO DE IDIOMAS

8.1.- As competencias lingüísticas acadadas polo estudante e distintas ao mínimo obrigatorio para a obtención do título de grao serán recoñecibles de conformidade ao disposto neste acordo.

Actividade que se recoñece	Recoñecemento
Nivel B1 da segunda e demais linguas estranxeiras distintas á obligatoria	3 ECTS por acreditación por cada nivel B1 acreditado

Niveis superior ao B1 da lingua estranxeira obrigatoria e doutras	4 ECTS por acreditación do nivel B2 5 ECTS por acreditación do nivel C1 6 ECTS por acreditación do nivel C2
Cursos de idiomas do CLM noutras linguas distintas á recoñecida como obrigatoria	1 ECTS por cada 25 horas ata un máximo de 6 ECTS

8.2.- As competencias lingüísticas acreditaranse pola superación das Probas de acreditación ou de competencia lingüística compostas polas probas B1-A e B1-B do Centro de Linguas Modernas ou por calquera dos documentos recollidos na web do CLM, conforme ao acordo do Consello de Goberno sobre Acreditación do Coñecemento de Lingua Estranxeira para a Obtención do Título de Grao e Recoñecemento dos Niveis de Coñecemento de Idioma.

8.3.- A superación das Probas de acreditación ou de competencia lingüística compostas polas probas B1-A e B1-B organizadas polo CLM acreditaranse polo procedemento de actas establecido e dará lugar a imputación directa no expediente do alumno.

8.4.- Sempre que sexan do mesmo idioma e distinto nivel, os títulos de nivel superior dun idioma subsumirán aos títulos inferiores do mesmo, polo que non será posible recoñecer un título inferior cando se recoñeceu o título superior. Do mesmo xeito, de acreditar un nivel superior só se terá dereito á diferenza de créditos cos recoñecidos polo nivel que figure xa no expediente.

NOVENO.- LINGUA DE SIGNOS

9.1.- Serán recoñecidas as competencias acadadas polo estudantado que realice estudos ou acredite competencias de lingua de signos para a obtención do título de grao, de conformidade co seguinte cadro:

<i>Estudos</i>	<i>Recoñecemento</i>
<i>Nivel B1 de lingua de signos</i>	3 ECTS
<i>Niveis superior ao B1</i>	4 ECTS por acreditación de nivel B2 ou superiores

<i>Cursos de lingua de signos impartidos polo CLM ou entidades coas que se formalice convenio</i>	1 ECTS por cada 25 horas ata un máximo de 4 ECTS
---	---

9.2.- As competencias lingüísticas acreditaranse pola superación das Probas de acreditación ou de competencia lingüística compostas polas probas B1 do Centro de Linguas Modernas ou por certificado entidades coas que se formalice convenio para a impartición de lingua de signos ou entidade oficial que imparta esta titulación. Neste último caso o CLM deberá informar sobre a entidade que imparte estes coñecementos.

9.3.- Os títulos de nivel superior subsumirán aos títulos inferiores do mesmo, polo que non será posible recoñecer un título inferior cando se recoñeceu o título superior. Do mesmo xeito, de acreditar un nivel superior só se terá dereito á diferenza de créditos cos recoñecidos polo nivel que figure xa no expediente.

DÉCIMO.- OUTROS CREDITOS TRANSVERSAIS

10.1 Poderán recoñecerse como créditos transversais nas titulacións de grao os cursos e actividades formativas que desenvolvan os centros, segundo o establecido no apdo. 10.8 e que sexan propias da titulación nos seguintes ámbitos:

- Procura do emprego
- Emprendemento
- Coñecemento do contorno profesional e laboral
- Aspectos éticos do exercicio profesional
- Competencias transversais dunha gran área de coñecemento

10.2.- Para ser recoñecidas estas actividades debe existir un proceso formativo cunha programación estruturada, e os alumnos deben ter un seguimento por parte dos responsables da actividade, así como ser avaliados do resultado da aprendizaxe..

10.3.- Os cursos, seminarios e xornadas terán un mínimo de 1 ECTS e serán valoradas cun ECTS por cada 25 horas de traballo efectivo. O máximo de créditos será de 6.

10.4.-As propostas de cursos, seminarios e xornadas serán realizadas polos órganos dos centros, segundo o establecido no apdo. 10.8, no formato electrónico que se estableza e elevaranse á Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en titulacións para que emita informe

O recoñecemento das actividades só será efectivo unha vez se aproben mediante resolución reitoral.

10.5.- O recoñecemento de créditos deberá figurar na convocatoria da actividade, así como os requisitos e condicións para a súa obtención.

O recoñecemento manterase en cursos sucesivos en tanto se manteña a actividade e as condicións básicas polas que foi aprobada.

10.6.- Soamente se recoñecerán créditos a un estudante por actividades desenvolvidas durante o tempo en que o solicitante estivo matriculado nos estudos de grao correspondentes.

10.7.- Para o recoñecemento de créditos por estas actividades os interesados deberán achegar, perante a Unidade de Xestión Académica correspondente, acreditación das actividades realizadas e aboar os prezos públicos que correspondan en concepto de recoñecemento ou transferencia de créditos.

10.8.- A responsabilidade destas actividades recaerá no Decanato ou Dirección do Centro ou no órgano específico en quen delegue. Para a certificación dos créditos e a acreditación da competencia procederase a cubrir e formalizar a correspondente acta para o alumnado que supere o curso, conforme os modelos que estableza a Secretaría Xeral.

10.9.- A Vicerreitoría con competencias en Orientación laboral e emprego poderá organizar tamén créditos transversais dos establecidos neste apartado e conforme ao procedemento establecido no punto 10.4. Neste caso a Vicerreitoría será a competente para a proposta, organización e acreditación destas actividades.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.-

A regulación das actividades recoñecibles na data de aprobación deste acordo manterán a súa vixencia en tanto non se cambie a programación e as características fundamentais por medio de resolución reitoral.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.-

Os novos recoñecementos terán efectividade dende a data de publicación do presente acordo no taboleiro electrónico da USC.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.-

A partir da entrada en vigor deste acordo quedan sen efecto todas as normas que se opoñan ao disposto nel e, especificamente, as normas contidas nas seguintes disposicións:

- Resolución Reitoral do 26 de febreiro de 2013, de Modificación dos anexos I e II da Resolución Reitoral de 1 de febreiro de 2012 pola que se aproba o texto refundido sobre Recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007.

- Resolución Reitoral do 1 de febreiro de 2012, Texto refundido sobre recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do R.D. 1393/2007.
- Acordo do Consello de Goberno do 22 de decembro de 2011 de Modificación do acordo de recoñecemento de créditos pola participación en actividades ao abeiro do artigo 12.8 do R.D. 1393/2007.
- Resolución Reitoral do 12 de xullo de 2010 de Procedemento para a convocatoria e imputación dos cursos que a USC recoñecerá como competencias transversais informacionais nos estudos de Grao.
- Resolución Reitoral do 14 de decembro de 2009 que modifica o Anexo I do ACG do 4 de xullo de 2008 sobre recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1293/2007.
- Resolución Reitoral do 5 de maio de 2009, sobre procedemento para o recoñecemento de créditos de actividades reguladas no art. 12.8 RD 1393/2007 e competencias lingüísticas para as ensinanzas de Grao.
- Acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008, de Recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do RD 1393/2007, e das liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións (Graos).

DISPOSICIÓN FINAL.-

O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da USC.